



ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA

PREGO DE BASES POLAS QUE SE REXERÁ A CONVOCATORIA PÚBLICA DE SOLICITUDES DE AUTORIZACIÓNS DE ATRAQUE NAS INSTALACIÓNS NAÚTICO-DEPORTIVAS DO PORTO DE FISTERRA.

CONVOCATORIA PARA EMBARCACIÓNS DEPORTIVAS (7ª LISTA)

ANEXO I

PREGO DE CONDICIÓNS DAS AUTORIZACIÓNS





Rexistro de Saída

<%NUMEROREGISTRO%>

<%FECHAREGISTRO%>

<%TITULAR%>

<%RUA%>, <%NUM%> <%PISO%> <%PORTA%>

<%CP%> <%CONCELLO%> <%LUGAR%>

(<%Prov%>)

ASUNTO: AUTORIZACIÓN DE ATRACADA NAS INSTALACIÓNS NÁUTICO-DEPORTIVAS DO PORTO DE <%PORTO%>.

EMBARCACIÓN: <%BARCO%>

FOLIO: <%LISTA%>-<%MATRIC%>-<%FOLIO%>

ESLORA MÁXIMA OU TOTAL: <%ESLORA%>

MANGA: <%MANGA%>

Amarre <%PRAZA%>

PERÍODO DE ATRACADA: Dende o <%INICIO%> ata o <%VENCEMENTO%>

Por delegación da sinatura do presidente de Portos de Galicia, de acordo cos termos da Resolución emitida por este órgano e de conformidade co Regulamento do ente público Portos de Galicia, se ACORDA:

AUTORIZAR a atracada da embarcación mencionada, no lugar e prazo indicados no "asunto". Esta autorización concédese segundo o disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, na Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos porto de interese xeral, na Lei 27/1992, de 24 de novembro, de Portos do Estado e da Marina Mercante, no Regulamento de Servizo, Policía e Réxime dos portos da C.A.G.P, aprobado por O.M. do 12 de xuño de 1976, e nas condicións particulares que se indican a continuación.

CONDICIÓNS

1 A presente autorización outórgase a título de precario non sendo inscribible no rexistro da propiedade e polo período máximo de 3 anos.

2 Finalizado o prazo sinalado na condición anterior, Portos de Galicia tramitará de oficio unha nova autorización agás que o titular manifieste por escrito antes do 30 de novembro do ano en curso en que se produza a extinción que non desexa unha nova autorización; o anterior enténdese sen prexuízo do requirimento de documentación ao titular que o precise, o que dará lugar á extinción da autorización de omitirse ou falsearse os datos requiridos.

3 A presente autorización outórgase con carácter persoal e intransferible para un so titular e para unha embarcación concreta. Non obstante admitirase a substitución ou cambio de embarcación sempre que se adapte ás dimensións previstas para a clase de amarre de que se trate. Como requisito para a súa eficacia a substitución deberá de ser comunicada a Portos de Galicia. A falta de comunicación e igualmente a omisión ou o falseamento de datos implicará a anulación inmediata da autorización e a incoación de procedemento administrativo sancionador.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo que antecede, admitirase a transmisión inter vivos da titularidade da autorización sempre que se efectúe simultaneamente coa transmisión da titularidade da embarcación e polo tanto, e de maneira necesaria, a favor do adquirente desta.

Tamén admitirase, para a mesma embarcación, a transmisión mortis causa da autorización outorgada a unha persoa física a favor do causahabente no suposto de falecemento do titular da autorización, sendo preciso que a transmisión se inste nun prazo máximo dun ano a contar dende o falecemento do titular.

A transmisión da autorización por calquera dos modos previstos e como requisito para a súa eficacia, deberá de ser comunicada a Portos de Galicia acompañando a documentación base de dita transmisión. Portos de Galicia poderá requirir o aporte de documentación suplementaria de estima-lo preciso, e rexeitará aquelas transmisións que non se axusten aos parámetros definidos nos parágrafos que anteceden. A falta de comunicación e igualmente a omisión ou o falseamento de datos implicará a anulación inmediata da autorización e a incoación de procedemento administrativo sancionador.

4 Con arranxo aos principios de obxectividade e proporcionalidade e en calquera caso sempre que veña imposto por razóns de explotación e planificación portuaria ou da normativa de aplicación, Portos de Galicia poderá modificar as condicións da presente autorización; os interesados poderán neste caso renunciar á praza autorizada sen dereito a indemnización ningunha, e procedendo unicamente, de se-lo caso, a devolución das contías correspondentes ás tarifas portuarias aboadas por adiantado polo período de tempo non disfrutado.

5 A presente autorización habilita exclusivamente a atracada da embarcación na praza asignada, quedando prohibido, agás autorización expresa, o depósito de materiais de calquera tipo na superficie do pantalán.

6 A falta de utilización do posto de amarre durante un período consecutivo de 6 meses determinará, agás causas xustificadas como invernadas, reparacións, etc, a anulación inmediata da autorización.

7 O titular non poderá realizar ningunha modificación nas instalacións onde ten a autorización de atracada, nin instalar dispositivos ou elementos nestas sen contar coa previa autorización expresa de Portos de Galicia. O incumprimento desta condición implicará a anulación inmediata da presente autorización de atracada.





- 8** O titular adoptará as máximas medidas de seguridade para evitar calquera tipo de polución ou contaminación tanto na zona portuaria coma nos seus arredores, quedando expresamente prohibido o vertido de residuos ao mar, e debendo cumprir en cada momento as disposicións legais vixentes nestas materias.
- 9** Os propietarios ou usuarios das embarcacións serán os responsables dos danos ou avarías que se ocasionen nas instalacións portuarias, elementos de fornecemento, na súa propia embarcación ou nas de terceiros coma consecuencia de usos indebidos das instalacións, anomalías nas embarcacións ou malas manobras destas.
- 10** O titular queda obrigado a conserva-las instalacións onde dispón da autorización de atracada en perfecto estado de utilización, limpeza, hixiene e ornato.
- 11** En caso de que se detecte a falsidade dalgún dos datos da embarcación que o interesado facilitara a Portos de Galicia para a solicitude da autorización de atracada, especialmente no que se refire a medidas da embarcación e potencia do motor, procederase á anulación inmediata da autorización de atracada. Para os efectos establecidos nesta condición, o persoal de Portos de Galicia con funcións de inspección ou control estará facultado para acceder ás embarcacións observando os límites de inviolabilidade naqueles espazos que ostenten a consideración legal de domicilio.
- 12** Os datos de carácter persoal obtidos con motivo deste procedemento administrativo van ser incorporados e tratados nun ficheiro de datos debidamente autorizado para o exercicio das funcións que como Administración Pública legalmente lle corresponden a este ente público Portos de Galicia – Xunta de Galicia. O devandito organismo é a entidade responsable do ficheiro e o seu domicilio é Portal 5A 6ºB, Praza de Europa, Área Central – Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela. Fora dos supostos anteriores, e sen prexuízo do procedemento de disociación previa dos seus datos persoais, a cesión destes datos farase de acordo coa Lei Orgánica de Protección de Datos para os fins relacionados coa xestión e explotación portuaria, para o que entendemos prestado o seu consentimento se no prazo dun (1) mes non nos comunica o contrario ao enderezo arriba indicado. O acceso aos ficheiros por terceiros realizarase para a prestación de servizos de tratamento e técnicos ao responsable dos mesmos. O exercicio ante o Responsable do ficheiro dos seus dereitos de acceso, rectificación e cancelación, realizarase nos termos establecidos legalmente considerando as peculiaridades que se derivan do carácter público dos ficheiros deste organismo.
- 13** Se por necesidades do servizo fora preciso deixar libre a zona ocupada, o ocupante deberá desatracala a embarcación no prazo que se lle indique na orde de desaloxo. Transcorrido dito prazo sen realiza-la operación de desatracada será de aplicación a regra 10ª da tarifa X-5.
- 14** O atraso en cumprir calquera orde das autoridades competentes relativa a atracadas, desatracadas, amarres ou saída do porto, dará lugar á aplicación da regra 10ª da tarifa X-5 de acordo coa que a tarifa a aplicar será o resultado de multiplicar a cantidade mensual que lle correspondería pagar á embarcación polo número de horas ou fracción de demora.
- 15** O incumprimento dunha orde de desatracada, cambio de praza ou calquera outra indicación ditada por Portos de Galicia ademais do disposto na anterior condición 14ª, suporá a anulación inmediata da autorización.
- 16** O titular poderá solicitar a Portos de Galicia unha soa tarxeta de acceso aparte da que se lle subministrará ao inicio da autorización, se ben, deberá aboar a Portos de Galicia o custo da mesma na forma en que este determine.
- 17** Se existise fornecemento de auga ou electricidade a través de tomas, o titular deberá aboar a tarifa portuaria vixente en cada momento. Na actualidade é a tarifa E-3, que se liquidará trimestralmente, a non ser que ditos fornecementos se atopen incluídos na tarifa de conservación e mantemento á que se refire a condición 20ª.
- 18** O titular deberá aboar-la tarifa portuaria vixente en cada momento de aplicación ás embarcacións deportivas e de recreo. Esta tarifa liquidarase por semestres adiantados. O importe da tarifa será independente das entradas, saídas ou días de ausencia da embarcación, sempre que manteña asignado o posto de atracada.
- 19** O titular deberá domicilia-lo aboamento das liquidacións que se facturen polo concepto de tarifas portuarias nunha entidade bancaria.
- 20** En caso de que exista unha entidade autorizada ou concesionaria da xestión ou explotación das instalacións, o titular deberá aboar a esta as tarifas de conservación e mantemento aprobadas por este ente público.

Santiago de Compostela , 6 de agosto de 2010

O PRESIDENTE DE PORTOS DE GALICIA

P.D.: A XEFA DA ZONA CENTRO
(Acordo do 03 de marzo de 2010)

<%firma%>

Asdo.: Lorena Solana Barjacoba

